

Vive
o
VERÁN!
2013

Mañás de Verán e de Xogo

Onde me podo informar?

En calquera centro sociocultural do Concello de Santiago e en www.santiagosociocultural.org

Onde se poden recoller as follas de preinscrición?

Nos centros socioculturais:

- CSC José Saramago de Vite. Rúa de Carlos Maside 7. 981 542 490.
- CSC Aurelio Aguirre de Conxo. Praza de Aurelio Aguirre 1. 981 528 740.
- CSC do Ensanche. Rúa de Frei Rosendo Salvado, 14-16. 981 543 001.
- CSC das Fontiñas. Rúa de Berlín, 13. 981 528 750.
- CSC Agustín Bueno do Castiñeiriño. Rúa da Virxe de Fátima, 1. 981 542 459.
- CSC Sta. Marta. Rúa de Antonio Rama Seoane 6. 981 543017
- E locais socioculturais sinalados.

Organizan:



CONCELLO DE
SANTIAGO

socioCulturalES

Colaboran:

Nova Xeira
Av. de Figueras



Apoia:

Deputación
DA CORUÑA

Vive
o
VERÁN!
2013

Mañás de Verán e de Xogo

RELACIONARSE,
APRENDER,
COMPARTIR...



Mañás De Verán e De Xogo



As mañás de verán son un momento ideal para achegámonos aos centros e locais socioculturais e convivir con outros rapaces do barrio, da parroquia, da cidade.

Esta programación matinal de verán pretende dar resposta ás necesidades dos nenos/as e das familias de dispor dun espazo alternativo onde gozar na compañía doutros, aprendendo e gozando das afeccións e mesmo descubrir novas habilidades, a través de actividades predeportivas, de expresión corporal, movemento e teatro, xogos de exterior, manualidades, saídas e visitas naturais, obradoiros de reciclaxe, ecoloxía...

As Mañás de Verán e de Xogo representan unha proposta de lecer no tempo libre, promovida pola Concellaría de Centros Socioculturais do Concello de Santiago de Compostela, coa finalidade de traballar en torno aos valores cívicos de igualdade, de respecto pola natureza, de participación e de traballo en grupo.

Este ano tamén os locais socioculturais do rural acollerán esta iniciativa e os rapaces das parroquias disporán dun punto de encontro e diversión próximo pensado para que gocen con variadas actividades lúdicas durante a mañá.

Mañás De Verán

Destinado a nenos e nenas de familias empadroadas en Santiago de Compostela nados entre o 2001 e 2008 (5 a 12 anos).

Do 1 ao 31 de xullo, desde as 10 ata as 14 h, de luns a venres.

Modalidade de participación: Mes completo ou semanas.

Haberá catro localizacións en centros socioculturais urbanos a escoller ata dúas polo participante no momento da preinscrición:

- **CSC das Fontiñas (30 prazas): "Rapazada en acción" (audiovisuais, xogos predeportivos, ecoloxía e animación á lectura)**
- **CSC Aurelio Aguirre de Conxo (30 prazas): "A máquina do tempo" (Viaxe lúdica a través de distintas civilizacións e épocas)**
- **CSC Sta. Marta (30 prazas): "Pequenos artistas 2013" (expresividade e xogo teatral)**
- **CSC Jose Saramago de Vite (30 prazas): "Pequenos en movemento" (xogo predeportivo, movemento, orientación)**


Ademais, as actividades estenderanse aos parques e a outros espazos da cidade e da contorna, de acordo coa programación concreta.

Período de preinscrición: do 27 de maio ata o 11 de xuño nos centros socioculturais, en horario de 10 a 14 e de 17 a 21 h.

Documentación a presentar: Os interesados deberán presentar a folla de preinscrición- modelo formalizado.

Publicación de listas de admitidos/as e reservas: nos taboleiros informativos dos centros e locais socioculturais e na web santiagosociocultural.org a partir do día 20 de xuño.

Formalización da matrícula, entrega de documentación e pagamento: Csc Conxo: 25, 26 e 27 de xuño, Csc Vite, Fontiñas e Sta. Marta 21, 24, 25, 26 de xuño (en horario de mañá), entregando o resguardo de pagamento da actividade e a documentación no CSC onde obtivera a praza.



Prezos Mañás de Verán e Mañás de Xogo	Prezo xeral	Segundo fillo desconto 20%	Familia numerosa desconto 50%
Mes completo	40€	32€	20€
Semana solta	10€		

Exentos: cando os pais e titores-as acrediten a situación de ambos como demandantes de emprego.

Mañás De Xogo

Xogos predeportivos, rastrexos, obradoiros de plástica, saídas.

Destinado a nenos e nenas de familias empadroadas en Santiago de Compostela nados entre o 2001 e 2009 (4 a 12 anos).

Do 1 ao 31 de xullo, desde as 10 ata as 14 h, de luns a venres.

Modalidade de participación: Mes completo ou semanas.

Haberá dúas localizacións en grupos de locais socioculturais das parroquias. Os participantes poderán escoller un dos grupos de locais dispostos por proximidade e deberán acudir cada día ao local onde se desenvolve a actividade, tratándose de accións itinerantes que terán unha continuidade e coordinación entre elas, o que promoverá a participación interparroquial.

Se nalgún dos locais non existe demanda suficiente, as actividades trasladaranse aos que si teñan demanda.

- **LSC de Busto – LSC de Nemenzo – LSC de Marantes (30 prazas)**
- **LSC da Gracia – LSC de Grixoa – LSC de Lamasal (30 prazas)**

Período de preinscrición: do 27 de maio ata o 11 de xuño nos centros socioculturais, en horario de 10 a 14 e de 17 a 21 h.

Documentación a presentar: Os interesados deberán presentar a folla de preinscrición- modelo formalizado.

Publicación de listas de admitidos/as e reservas: nos taboleiros informativos dos centros e locais socioculturais e na web santiagosociocultural.org a partir do día 20 de xuño.

Formalización da matrícula, entrega de documentación e pagamento: os días 25, 26, 27 de xuño (en horario de tarde), entregando o resguardo de pagamento da actividade e a documentación no LSC onde obtivera praza.



e ademáis...

Campamento infantil en Figueiras (Nenos/as de 5 a 12 anos).

Organizado pola Asociación Veciñal Nova Xeira de Figueiras coa colaboración da Concellaría de Centros Socioculturais, aberto ás parroquias de Figueiras, Villestro e Laraño.

No local sociocultural de Figueiras, mes de xullo, de luns a venres (9 a 14h).

25 prazas. Prezo: 50 ou 60€ dependendo do número de inscristos

Información e inscrición a través de novaxeira@gmail.com

Quen ten preferencia?

As solicitudes presentadas para participar o mes completo.

As familias interesadas poderán marcar na solicitude a orde de preferencia para participar ata en dúas localizacións, e de non haber prazas dispoñibles na marcada no primeiro lugar, existindo prazas na outra preferencia, asignaráselles automaticamente sen proceder a sorteo.

De ser necesario, se se reciben máis preinscricións das prazas que se ofrecen, asignaranse por sorteo público o 18 de xuño no centro sociocultural que se indique.

Que documentación cómpre presentar de resultar admitido?

- Unha fotografía tamaño carné.
- Fotocopia da tarxeta sanitaria do/a neno/a.
- Fotocopia do libro de familia e DNI do neno/a.
- Copias das tarxetas de demandantes de emprego se solicita exención.

NORMAS, CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN E PAGAMENTO

1. É requisito imprescindible estar empadroado no Concello de Santiago.

2. Pódese participar por mes ou por semana. Terán prioridade as solicitudes para o mes completo.

3. Matrícula e pagamento. Formalizarase o pagamento unha vez que estea confirmada a praza. Confirmarase a través de exposición pública nos taboleiros informativos dos centros socioculturais ou accedendo á páxina web: www.santiagosociocultural.org.


O aboamento farase nunha conta do Concello, cubrindo a folla específica que se poderá recoller nos propios centros socioculturais, indicando o nome do/a neno/a. En ningún caso haberá devolución da matrícula.

4. É obriga do adxudicatario da praza respectar as normas establecidas pola organización con respecto ás actividades e ao uso das instalacións.

5. Non poderá participar quen non entregue a documentación asinada.

6. Se por algún motivo o/a neno/a non pode asistir nalgunha das xornadas, debe avisar no centro.

7. O número mínimo requirido de participantes para iniciar a actividade será o 60% das prazas ofertadas en cada centro.



VIVE O VERÁN!